

***Programación do
Departamento de Latín***

CURSO 2022-2023

IES Ribeira do Louro (Porriño)

Índice

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO	1
II MARCO LEGAL DE REFERENCIA	2
III. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE LATÍN II	3
III.1. Obxectivos da materia de latín	3
III.2. Contidos por bloques	4
III.3. Temporalización	5
III.4. Contidos mínimos	7
III.5. Metodoloxía	8
III.6. Materiais e recursos didácticos	9
III.7. Procedementos, instrumentos de avaliación e estándares de aprendizaxe	10
III.8. Avaliación inicial	14
III. 9. Criterios de avaliación e cualificación	15
III.10. Actividades de seguimento, recuperación, avaliación das materias pendentes e avaliación extraordinaria	19
IV. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE GREGO II	21
IV.1. Obxectivos da materia de Grego II	21
IV.2. Contidos e a súa temporalización	22
IV.3. Contidos mínimos	26
IV.4. Metodoloxía	27
IV.5. Materiais e recursos didácticos	29
IV.6. Procedementos, criterios e instrumentos de avaliación, competencias clave e estándares de aprendizaxe	32

IV.7. Criterios de avaliación e cualificación	37
IV.8. Avaliación inicial	40
IV.9. Actividades de seguimento, recuperación, avaliación das materias pendentes e avaliación extraordinaria	40
V. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	41
VI. ELEMENTOS TRANSVERSAIS	42
VII. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS OU EXTRAESCOLARES	43
VIII. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E DA PRÁCTICA DOCENTE	44
IX. PLAN LECTOR	44

I. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

O departamento de Latín do *IES Ribeira do Louro* de O Porriño está constituído por un único membro, María del Pilar Pereira Ortega, que desempeña as funcións de xefa de departamento e impartirá as materias de Latín e Grego xunto con un curso de C. Clásica en 3º da ESO ao longo do curso 2022-23 nos seguintes grupos e niveis:

- Latín en 1º e 2º de Bacharelato Humanístico
- Grego en 1º e 2º Bacharelato Humanístico
- Cultura clásica en 3ºESO

<i>Profesor/a</i>	<i>materia</i>	<i>curso</i>	<i>grupos</i>	<i>horas semanais</i>
María del Pilar Pereira Ortega	Grego 1	1º BAC	A	4
	Grego 2	2º BAC	A/B	4
	Latín 1	1º BAC	A	4
	Latín 2	2º BAC	A/B	4
	Cultura Clásica	3º ESO	A/B/C/ Dc	3

Total de horas do Departamento: **19 horas**

O alumnado, que xa estivo neste centro en cursos anteriores, parece motivado en xeral de cara á aprendizaxe das nosas materias, xa que en xeral se trata de persoas que teñen interese tanto polas linguas como pola historia, e manifestan unha gran curiosidade por coñecer e comprender o amplo legado clásico.

Nos grupos de Bacharelato, no que se refire aos coñecementos previos, atopamos que ningún destes alumnos cursaron Latín en 4º de ESO e soamente algúns cursaron a optativa de 3º de ESO de Cultura clásica. Ademais atopámonos con que o grupo de Grego 2, non cursou a materia de Grego 1 polo cal, probablemente haberá que adaptar os contidos desta programación didáctica ao ritmo de aprendizaxe do alumnado que se atopa nesta situación.

II. MARCO LEGAL DE REFERENCIA

En canto á **lexislación vixente**, na elaboración desta programación téñense en conta os seguintes referentes legais:

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro para a mellora da calidade educativa.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e o seu currículo e oferta.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

Nesta programación didáctica téñense en conta tamén as seguintes circunstancias, todas elas condicionantes, dunha ou doutra maneira, da actividade docente que se desenvolverá no curso:

A presente programación está pensada e prantexada para una asistencia presencial, pero se volvésemos a ter algunha circunstancias ocasionadas pola Covid-19, como aconteceu o curso anterior, tamén haberá que contemplar a posibilidade de que en determinados momentos teñamos que recorrer ao ensino semipresencial, por iso nesta programación contemplamos o uso de ferramentas multimedia para poder seguir as clases de xeito telemático durante algún días e determinados alumnos. A aula virtual será a ferramenta habitual na que se incluírán tódolos contidos e os exercicios que se vaian facendo na clase e que lles permitirán aos alumnos seguir o curso con normalidade. Nos cursos pasados xa nos vimos obrigados a usar esta ferramenta e outras como o correo electrónico para poder comunicarnos posto que ás veces os medios dixitais non están ó alcance de tódolos alumnos e alumnas da bisbarra, tanto por problemas de índole particular como especialmente pola falta de conexión e velocidade axeitada de internet no ámbito rural.

Cando se teña que recorrer á aula virtual do Ies Ribeira do Louro, os exercicios prantexados serán os que formen parte da programación de cada curso, ou en calquera caso os exercicios de reforzo que se poidan introducir na plataforma serán os acaídos para cada nivel, conforme o xa traballado na aula.

III. LATÍN II BACHARELATO

III.1.-OBXECTIVOS DA MATERIA DE LATÍN

a.- Inicialse na lectura, interpretación e tradución de textos de dificultade progresiva, utilizando, para este fin, o coñecemento dos elementos morfolóxicos, sintácticos e léxicos básicos da lingua latina.

b.- Reflexionar sobre os elementos substanciais que conforman as linguas e recoñecer compoñentes significativos da flexión nominal, pronominal e verbal latina nas linguas modernas derivadas do latín ou influídas por el.

c.- Achegarse a textos latinos diversos, orixinais, adaptados e traducidos, mediante unha lectura comprensiva e distinguir as súas características esenciais e o xénero literario ao que pertencen.

d.- Recoñecer elementos da lingua latina que evolucionaron ou que permanecen nas nosas linguas e aprecialos como clave para a súa interpretación.

e.- Buscar información sobre aspectos relevantes da civilización romana, indagando en documentos e en fontes variadas, analízalos criticamente e constatar a súa presenza ao longo da historia.

f.- Identificar e valorar as principais achegas da civilización romana no noso contorno e apreciar a lingua latina como instrumento transmisor de cultura.

g.- Valorar a contribución do mundo romano na súa calidade de sistema integrador de diferentes correntes de pensamento e actitudes (éticas e estéticas) que conforman o

ámbito cultural europeo.

III. 2.-CONTIDOS POR BLOQUES

Os contidos propostos para **Latín II** céntranse en dous grandes ámbitos, a lingua e a cultura, distribuídos en **bloques**:

I. A lingua latina

- Revisión da flexión nominal e pronominal. Formas menos usuais e irregulares.
- Revisión da flexión verbal regular. Verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo.
- Afondamento no estudio da sintaxe dos casos.
- A oración composta. A subordinación: substantiva, adxectiva e adverbial; conxuncións. Construcións de participio e de infinitivo.

II. Os textos latinos e a súa interpretación

- Afondamento nas técnicas e na práctica da tradución e do comentario de textos.
- Estudio sintáctico comparativo entre un texto orixinario e a súa tradución.
- Uso do dicionario latino.
- Comentario de textos.
- Características formais dos diferentes xéneros literarios: épica, lírica, teatro, oratoria e historiografía.

III. O léxico latino e a súa evolución

- Formación de palabras latinas. Composición e derivación.
- Características diferenciais do latín fronte ó galego, ó castelán e a outras linguas romances.
- Aprendizaxe do vocabulario específico de orixe grecolatina usual nas disciplinas que se estudan no Bacharelato.
- Expresións latinas incorporadas á linguaxe culta.

IV. Roma e o seu legado

- Transmisión da literatura clásica.
- Os xéneros literarios latinos e a súa influencia nas manifestacións posteriores: teatro, historiografía, oratoria, épica, poesía lírica e elegíaca, epigrama, etc.
- Legado de Roma en Hispania, e máis concretamente en Galicia. A romanización: vestixios nos restos arqueolóxicos e museos.

V. Actitudes, valores enormes

- Afondamento na valoración do feito diferenciador (e do seu entroncamento co mundo clásico) da cultura europea fronte a outras do planeta, no afán de contribuír á instauración dunha conciencia de cidadán europeo.
- Valoración do estudio e dos coñecementos do latín como un soporte importante para unha mellor comprensión da lingua e das manifestacións literarias propias, e doutras linguas románicas e non románicas.
- Aprecia-lo legado da romanización de Hispania, e da Gallaecia en particular, nos diferentes eidos. Afondamento nos referentes ó ámbito político-administrativo, xurídico, relixioso, mitolóxico, científico, tecnolóxico, artístico, urbanístico, etc.

III. 3.-TEMPORALIZACIÓN

Adicarase o primeiro trimestre a repasa-los contidos estudados no curso anterior, ó mesmo tempo que se introducirá ó alumno na tradución de textos cada vez máis complexos. A partires do segundo trimestre iranse alternando os temas dos distintos bloques, tendo en conta o tipo de probas de acceso á Universidade propostas para os alumnos de Bacharelato.

PRIMEIRO TRIMESTRE

B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos (1 SESIÓN)

B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán (1

SESIÓN)

B2.1. Morfoloxía nominal e pronominal: formas menos usuais e irregulares (1 SESIÓN)

B2.2. Morfoloxía verbal: verbos irregulares e defectivos. Formas nominais do verbo: xerundio, xerundivo e supino. Conxugación perifrástica. (4 SESIÓNS)

B3.1. Estudo pormenorizado da sintaxe nominal e pronominal (TODAS AS SESIÓNS)

B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas (TODAS AS SESIÓNS)

B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación. (2 SESIÓNS)

B3.4. Construcións de infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino. (6 SESIÓNS)

B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: épica. (2 SESIÓNS)

B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos (TODAS AS SESIÓNS)

B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. (1 SESIÓN)

B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria. (1 SESIÓN)

B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega (1 SESIÓN)

SEGUNDO TRIMESTRE

B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos (1 SESIÓN)

B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán (1 SESIÓN)

B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas (TODAS AS SESIÓNS)

B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación (TODAS AS SESIÓNS)

B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: lírica e oratoria. (3 SESIÓNS)

B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos (TODAS AS SESIÓNS)

B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.

B5.3. Coñecemento do contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos.

B5.4. Identificación das características formais dos textos.

B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico.

- B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. (1 SESIÓN)
- B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria.
- B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega

TERCEIRO TRIMESTRE

- B1.1. Mantemento de elementos lingüísticos latinos nas linguas modernas: palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos (1 SESIÓN)
- B1.2. Evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán (1 SESIÓN)
- B3.2. Tipos de oracións e construcións sintácticas (TODAS AS SESIÓNS)
- B3.3. Oración composta: coordinación e subordinación (TODAS AS SESIÓNS)
- B4.1. Transmisión literaria e xéneros literarios latinos: Historiografía e fábula. (2 SESIÓNS)
- B5.1. Tradución e interpretación de textos latinos (TODAS AS SESIÓNS)
- B5.2. Comentario e análise histórica, lingüística e literaria de textos latinos orixinais.
- B5.4. Identificación das características formais dos textos. (TODAS AS SESIÓNS)
- B6.1. Ampliación de vocabulario básico latino: léxico literario, científico e filosófico. (1 SESIÓN)
- B6.2. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua. (1 SESIÓN)
- B6.3. Locucións e expresións latinas incorporadas á lingua coloquial e á literaria. (1 SESIÓN)
- B6.4. Composición e derivación culta: lexemas, prefixos e sufixos de orixe latina e grega (1 SESIÓN)

III.4. CONTIDOS MÍNIMOS

- Flexión nominal: recoñecemento, análise e tradución das formas nominais e pronominais regulares e irregulares estudadas durante o curso.
- Flexión verbal: recoñecemento, análise e tradución de formas verbais de aparición frecuente nos textos latinos traballados.
- Análise morfosintáctica e tradución de textos latinos en versión orixinal, en prosa textos seleccionados da obra de Eutropio, e en verso fábulas de Fedro.
- Recoñecemento e significado dos principais prefixos e sufixos latinos.
- Recoñecemento, significado e uso das locucións latinas e topónimos estudados ao longo

do curso.

- Coñecemento das características básicas dos xéneros literarios estudados durante o curso e dos autores e obras máis salientables de cada un deles.

III.5 METODOLOXÍA

- Tratarase de conseguir o interese do alumno, alternando as explicacións gramaticais con temas máis amenos que permitan a realización de exercicios variados.
- Farase que as clases sexan dinámicas, participativas, que fomenten o traballo en grupo e a relación entre compañeiros.
- Fomentarase a interdisciplinabilidade para facer comprender a vivencia das linguas clásicas nos distintos ámbitos.
- Combinarase equilibradamente a teoría coa práctica, facendo prevalecer os exercicios de tradución sobre prolisas explicacións teóricas. Pódese chegar máis facilmente á comprensión da teoría a través do contacto directo cos textos orixinais.
- Introducirase ao alumno na tradución de frases, para logo inicialmente na comprensión de textos orixinais sinxelos que lle permitan coñecer o mundo latino nos seus distintos campos.
- Leranse textos traducidos sobre os distintos aspectos da civilización grega para introducir ao alumno na cultura clásica a través das súas fontes orixinais.

Deste xeito, o estudo da **gramática** realizarase mediante exposicións teóricas moi sinxelas, nas que se procurará omitir excepcións e irregularidades; estas indicaranse segundo vaian aparecendo nos textos. As explicacións apoiaranse en exercicios prácticos que conteñan exemplos do tema desenvolvido e recapitulen o anterior.

Por outra banda, os **textos** deben seleccionarse en función do seu interese cultural e lingüístico. Neste curso 2022-2023 o autor que se vai traducir en segundo de bacharelato é Eutropio e/ou Fedro.

O **vocabulario** elixirase a partir dos textos, tendo en conta a súa frecuencia e tamén a súa pervivencia na nosa lingua. O estudo dos latinismos está intimamente ligado á aprendizaxe do vocabulario.

Para o estudo dos temas de **literatura** acompañarase na medida do posible de textos clásicos e contemporáneos, tratándose os aspectos históricos e culturais, presentados coma unha viaxe diacrónica e diatópica polos centros neurálxicos da civilización romana. As explicacións poderanse reforzar coa utilización de proxección de pequenos vídeos.

A **lectura fragmentos de textos escollidos** de autores clásicos traducidos será punto de referencia constante no estudo dos temas históricos e culturais.

Dada a importancia instrumental das novas tecnoloxías da información no mundo actual, buscarase información pertinente referida aos temas literarios en diferentes enderezos de internet, co obxectivo de que os alumnos/as aprendan a empregar de xeito responsable e construtivo as novas tecnoloxías da información.

III.6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Os alumnos **non empregarán libro de texto** ao longo do curso, proporcionaráselles apuntes a medida que vaia avanzando o curso. Para a parte de tradución manexarán o **Diccionario Vox Latín-Español/Español-Latín**.

III.7. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

TEMP.		Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								
1ª AVAL	Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro (1)	Grad. mín. conse	Prueb Escrit.	Prueb Oral		Trab Indi.	Trab grup.	Cuad erno	Rúb (2)	Ob
BLOQUE 1.- O latín, orixe das linguas romances										
	<u>Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.</u>	100% E.S.	40%	40%		20%			40%	
	<u>Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.</u>	100% E.S.	30%	40%		20%			40%	
	<u>Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos.</u>	100% E.S.	30%	40%		20%			40%	
BLOQUE 2.- Morfoloxía										
	Estándares de aprendizaxe	Grao mín. Consec.	Peso Cual.	Instrumentos de avaliación						
				Prueba Escrit.	Prueba oral	Trab indiv	Trab grup	Cuad erno aula	Rúb (2)	Ob
	<u>Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.</u>	100% E.S.	10%	40%		20%			40%	
	<u>Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.</u>	100% E.S.	15%	50%		20%			30%	
	<u>Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.</u>	100% E.S.	15%	50%		20%			30%	

	<u>Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.</u>	100% E.S	15%	50%				50%			
	<u>Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.</u>	80% E.S	15%	50%	20%	50%					
	<u>Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán</u>	100% E.S	15%	80%		20%					
	<u>Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario</u>	100% E.S	15%	80%		20%					
BLOQUE 3.- Sintaxe											
	Estándares de aprendizaxe	Grao mín. Consec.	Peso Cual.	Instrumentos de avaliación							
				Prueb. escrita	Prueba oral	Trab indiv	Trab grup	Cuad. aula	Rúb (2)	Ob	
	<u>Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución</u>	100% E.S	5%	50%	20%	30%					
	<u>Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.</u>	100% E.S	5%	50%		50%					
	<u>Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.</u>	60% E.S	10%	50%		50%					
	<u>Define e comprende os conceptos de oración</u>	100% E.S	50%		100%						

		<u>composta, coordinación e subordinación</u> , sinala exemplos nos textos e <u>recoñece</u> os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como <u>os nexos que as caracterizan</u> .									
		<u>Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións</u>	100% E.S	50%		100%					
BLOQUE 5.- Textos											
		Estándares de aprendizaxe	Grao mín. Consec.	Peso Cual.	Instrumentos de avaliación						
					P.E	P.O.	T.I.	T.G.	C.A.	Rú b (2)	Ob
		<u>Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.</u>	100% E.S	20%	80%	20%					
			80% E.S	5%	80%	20%					
		<u>Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.</u>	80% E.S	15%	80%	20%					
		<u>Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.</u>	80% E.S	15%	90%	10%					
BLOQUE 6.- Léxico											
		Estándares de aprendizaxe	Grao mín. Consec.	Peso Cual.	Instrumentos de avaliación						
					P.E	P.O.	T.I.	T.G.	C.A.	Ru (2)	Ob

	<u>Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.</u>	80% E.S	20%	80%	20%					
	<u>Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.</u>	80% E.S	20%	80%	20%					
	<u>Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.</u>	80% E.S	20%	80%	20%					
	<u>Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.</u>	80% E.S	20%	80%	20%					
	<u>Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe</u>	80% E.S	20%	80%	20%					

TEMP.											
2ª / 3ª AVAL		Estándares de aprendizaxe avaliábeis /Indicadores de logro (1)	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								
		Estándares de aprendizaxe	Grao mín. Consec.	Peso Cual.	Instrumentos de avaliación						Ob
					Prob esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	
BLOQUE 4.- Literatura latina											
		<u>Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.</u>	100% E.S.	40%	40%		20%			40%	
		<u>Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos</u>	100% E.S.	30%	40%		20%			40%	
		<u>Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.</u>	100% E.S.	30%	40%		20%			40%	

	<u>Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.</u>	100% E.S.	10%	40%		20%			40%	
	<u>Realiza comentarios de textos latinos e sitúaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen..</u>	100% E.S.	15%	50%		20%			30%	
	<u>Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea</u>	100% E.S.	15%	50%		20%			30%	
	<u>Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sèrvese deles para comprender e o mantemento dos xéneros e dos temas de cultura grecolatina, describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.</u>	100% E.S.	15%	50%			50%			

III.8. Avaliación inicial

Cabe destacar que se dedicarán as primeiras semanas para facer un repaso exhaustivo daqueles contidos gramaticais que así o precisen. Así mesmo farase unha **avaliación inicial** (un pequeno cuestionario oral ou escrito) para ver que medidas se deben adoptar.

En virtude dos resultados desta avaliación inicial, tomaranse as medidas de carácter individual e/ou grupal que sexan necesarias para que o alumnado acade os obxectivos previstos (actividades de reforzo, adaptación dos contidos, modificación da temporalización, ou calquera outra medida que se considere precisa).

III.9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Criterios de avaliación

Bloque 1: O latín, orixe das linguas romances.

LA2B1.1.1. Recoñece e distingue a partir do étimo latino termos patrimoniais, semicultismos e cultismos, e explica as evolucións que se producen nun e noutro caso.

LA2B1.2.1. Realiza evolucións de termos latinos ao galego e ao castelán, aplicando as regras fonéticas de evolución, e recoñece palabras da súa lingua que sufriron procesos de evolución semántica, valorando a relación co significado orixinal do étimo latino.

LA2B1.2.2. Explica o proceso de evolución de termos latinos ás linguas romances, sinalando cambios fonéticos comúns a distintas linguas dunha mesma familia, e ilustralo con exemplos.

Bloque 2: Morfoloxía

LA2B2.1.1. Nomea e describe as categorías, e sinala os trazos que as distinguen.

LA2B2.2.1. Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, diferenciando lexemas e morfemas, e procurando exemplos noutros termos nos que estean presentes.

LA2B2.3.1. Analiza morfoloxicamente palabras presentes nun texto latino, identifica correctamente os seus formantes e sinala o seu enunciado.

LA2B2.4.1. Identifica con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán.

LA2B2.4.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía nominal e pronominal latina para realizar traducións e retroversións, axudándose do dicionario.

LA2B2.5.1. Identifica con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e en castelán

LA2B2.5.2. Aplica os seus coñecementos da morfoloxía verbal latina para realizar

traducións e retroversións, axudándose do dicionario.

Bloque 3: Sintaxe

LA2B3.1.1. Utiliza axeitadamente a análise da sintaxe nominal e pronominal dun texto para efectuar correctamente a súa tradución.

LA2B3.2.1. Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas latinas, e relaciónaaas con construcións análogas existentes noutras linguas que coñeza.

LA2B3.3.1. Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua latina, e relaciónaaos para traducilos cos seus equivalentes en galego e en castelán.

LA2B3.4.1. Define e comprende os conceptos de oración composta, coordinación e subordinación, sinala exemplos nos textos e recoñece os tipos de oracións compostas, tanto coordinadas como subordinadas, así como os nexos que as caracterizan.

LA2B3.5.1. Identifica formas non persoais do verbo en frases e textos, tradúceas correctamente e explica as súas funcións.

Bloque 4: Literatura latina

LA2B4.1.1. Nomea os aspectos máis salientables referentes á transmisión dos textos clásicos ao longo do tempo.

LA2B4.2.1. Describe as características esenciais dos xéneros literarios latinos, e identifica e sinala a súa presenza en textos propostos.

LA2B4.3.1. Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura latina.

LA2B4.3.2. Nomea autores representativos da literatura latina, encádraos no seu contexto cultural, e cita e explica as súas obras máis coñecidas.

LA2B4.4.1. Realiza comentarios de textos latinos e sitúaaos no tempo, explicando a súa estrutura, se a extensión da pasaxe o permite, e as súas características esenciais, e identifica o xénero ao que pertencen.

LA2B4.5.1. Analiza o diferente uso que se fixo dos textos latinos, explorando o mantemento dos xéneros e os temas da literatura latina mediante exemplos da literatura contemporánea.

LA2B4.5.2. Recoñece a través de motivos, temas ou personaxes a influencia da tradición grecolatina en textos de autores/as contemporáneos/as, e sérvese deles para comprender e explicar o mantemento dos xéneros e dos temas procedentes da cultura grecolatina,

describindo os seus aspectos esenciais e os tratamentos que reciben.

Bloque 5: Textos

LA2B5.1.1. Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos latinos para efectuar correctamente a súa tradución.

LA2B5.2.1. Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario, analizando e valorando correctamente a información gramatical que proporciona, e identifica en cada caso o termo máis acaído na lingua propia, en función do contexto e do estilo empregado polo autor, para unha correcta tradución do texto.

LA2B5.3.1. Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentarios lingüísticos, históricos e literarios de textos.

LA2B5.4.1. Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.

LA2B5.5.1. Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.

Bloque 6: Léxico

LA2B6.1.1. Identifica e explica termos do léxico literario, científico e filosófico, e tradúceos correctamente ao galego e ao castelán.

LA2B6.2.1. Deduce o significado de palabras e expresións latinas non estudadas a partir do contexto, ou de palabras ou expresións da súa lingua ou doutras linguas que coñeza.

LA2B6.2.2. Identifica a etimoloxía e coñece o significado de palabras de léxico común e especializado do galego e do castelán.

LA2B6.3.1. Comprende, explica e emprega na lingua propia e no contexto axeitado locucións e expresións latinas que se mantiveron na linguaxe literaria, xurídica, filosófica, técnica, relixiosa, médica e científica.

LA2B6.4.1. Recoñece e explica o significado dos helenismos e dos latinismos máis frecuentes utilizados no léxico das linguas faladas en España, e explica o seu significado a partir do termo de orixe.

Criterios de cualificación

A avaliación do alumnado será **continua**, baseada fundamentalmente na observación das actividades do alumno. Avaliaranse os coñecementos adquiridos por medio de probas escritas obxectivas que se adaptarán ó ritmo natural de aprendizaxe da clase. A

cualificación de cada avaliación obterase facendo a **media das puntuacións obtidas nas probas escritas**. Sen embargo, esta media pode variar segundo o criterio da profesora, quen terá en conta, ademais, para cualificar:

- a observación diaria na aula, caderno de aula, traballo e valorando o esforzo e o interese do alumno e a súa actitude ante a materia;
- a asistencia a clase.

Independentemente de que se poida realizar algunha proba extraordinaria sobre coñecementos gramaticais e morfolóxicos, o eixo sobre o que se articula a avaliación da materia son **os exames escritos de tradución con dicionario**. Polo demais, procurarase axustar o modelo de exame das ABAU, consistindo o exame nas seguintes preguntas:

- a. Un texto para traducir coa axuda do dicionario **(4 puntos)**.
- b. Gramática (Análise morfolóxica e sintáctica) **(1 punto)**
- c. Pregunta de literatura **(2,5 puntos)**
- d. Latinismos e/ ou Topónimos **(2,5 puntos)**

Para obter unha avaliación positiva, o/a alumno/a deberá **non deixar ningunha pregunta en branco** e, obviamente, acadar unha cualificación total non inferior a 5 puntos.

A non asistencia a un exame, caso de non ser xustificada documentalmente, suporá a cualificación de 0 puntos no mesmo.

Criterios de avaliación por avaliacións:

En cada avaliación haberá, de ser posible, 2 exames, valendo o primeiro un 40% da nota, o segundo un 60%. Así mesmo, e para garantir un esforzo continuado do alumnado ao longo do curso. Estas probas escritas contarán o **80%** da nota da avaliación.

- O traballo diario do alumno/a na aula e a participación activa valorarase nun **10%**
- O traballo realizado na casa como os deberes valorarase outro **10%**

Resumo:

PROBAS ESCRITAS	1º exame (40%) + 2º exame (60%)	80%
TRABALLO NA AULA E PARTICIPACIÓN ACTIVA	10%	
DEBERES	10%	

Para obter unha avaliación positiva nesta materia será *conditio sine qua non* acadar unha nota media mínima igual o superior a 5 puntos.

Ao ter carácter continuo, a avaliación é un proceso continuado ao longo de todo o curso, motivo polo cal a materia examinada non será liberatoria, podéndose preguntar en cada exame toda a materia explicada ata ese momento.

A nota final de curso resultará da suma do valor das tres avaliacións: primeira un 20%, segunda un 30% e terceira un 50%. Porén, en ningún caso haberá unha avaliación final positiva de ter a terceira avaliación suspensa.

Resumo:

A NOTA FINAL DE CURSO

1ª AVALIACIÓN	20%
2ª AVALIACIÓN	30%
3ª AVALIACIÓN	50%

III.10. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN, AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES E AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Actividades de seguimento da materia pendente:

De haber alumnado coa materia de Latín 1 ou 2 BAC pendente, este recibirá mensualmente unha folla con exercicios que deberá entregar, realizados no prazo que se estableza, ao profesor para a súa corrección. Os criterios de avaliación basearanse en acadar os contidos mínimos. No caso de non superalos poderá presentarse a unha proba de recuperación final.

As probas realizaranse nos meses de Xaneiro (1º parcial), Abril (2º Parcial) e Maio (Proba Final).

Procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios de latín I para cursar latín II

Dado que a materia de Latín no bacharelato está estruturada con contidos progresivos que se inician no primeiro curso e aumentan a súa complexidade no segundo, e tendo en conta que o primeiro trimestre de Latín II se centra na revisión de gran parte dos contidos vistos en Latín I, o alumnado que, sen ter cursado Latín I, sexa autorizado a matricularse en Latín II poderá acreditar os coñecementos previos por dous procedementos:

- 1) Avaliación positiva no primeiro trimestre do segundo curso de Latín II.
- 2) Avaliación positiva no programa de recuperación de pendentes que se detalla no apartado anterior.

Recuperación

Non haberá recuperación, porque na avaliación continua, unha avaliación negativa dáse por recuperada ó superar outra posterior. Do mesmo modo, suspender unha avaliación supón automaticamente a avaliación negativa da anterior, aínda que fora superada.

Polo tanto non haberá probas de recuperación *stricto sensu*, porque o estudo dunha lingua non admite compartimentos estanco e cada paso adiante esixe o dominio do estudado previamente. Enténdese, xa que logo, que cada exame é, á vez, recuperación dun posible suspenso anterior.

Avaliación extraordinaria

As probas de recuperación extraordinarias (**xuño**) terán como contidos mínimos os incluídos na presente programación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que nos demais casos.

IV. GREGO 2º BACHARELATO

IV.1. OBXECTIVOS DA MATERIA GREGO II

1. Adquirir un bo recoñecemento e dominio da morfosintaxe e do léxico grego aplicándoos á tradución, interpretación e análise de textos gregos adaptados e orixinais, dun nivel de complexidade intermedia, servíndonos como elemento auxiliar o dicionario.

2. Recoñecer e interpretar os principais formantes gregos presentes no vocabulario das linguas empregadas e coñecidas polos alumnos/as, contribuindo, deste modo, a mellorar o seu nivel de expresión oral e escrita.

3. Interpretar textos literarios, históricos e filosóficos, orixinais e traducidos, de gradual complexidade, captando a súa estrutura e o esencial do seu contido conceptual e utilizándoos tamén ás veces como apoio para poñer en práctica os coñecementos gramaticais

4. Utilizar os textos e os documentos de autores gregos e modernos como fonte de información principal para o coñecemento do mundo grego antigo, á vez que como vehículo para apreciar os seus valores éticos, estéticos e políticos.

5. Desenvolver nos alumnos/as as técnicas fundamentais do traballo intelectual e científico, sobre todo as máis afíns ao terreo das humanidades, mediante o comentario e o uso crítico de documentos, bibliografía, etc.

6. Relacionar os contidos da materia de Grego cos de outras materias afíns dentro do terreo das humanidades.

7. Apreciar os valores máis característicos do mundo grego como un dos pilares sobre os que se fundamenta a nosa actual sociedade occidental.

8. Desenvolver o sentimento de pertenza ao proxecto común de futuro que chamamos Europa, que trata de vertebrar política, económica e socialmente unha diversidade de pobos que comparten unhas orixes comúns.

IV.2. CONTIDOS E A SÚA TEMPORALIZACIÓN

Avaliación	Unidades didácticas			temporalización	
	unidade	bloque	contido		
1ª avaliación	U.D. 1	B.1. Lingua grega		setembro outubro	
		B.1.1.	Dialectos antigos, dialectos literarios e koiné		
		B.1.2.	Do grego moderno ao grego clásico		
		B.2. Morfoloxía			
		B.2.1.	Revisión da flexión nominal e pronominal: 1ª, 2ª e 3ª declinacións		
		B.2.1.	Revisión da flexión nominal e pronominal: pronomes demostrativos, persoais e relativo		
		B.2.2.	revisión da flexión verbal: indicativo de ei/mi/		
		B.2.2.	revisión da flexión verbal: indicativo de lu/w		
		B.2.3.	Análise morfolóxica		
		B.3. Sintaxe			
		B.3.1.	Sintaxe nominal e pronominal: uso dos casos		
		B.3.2.	usos modais: indicativo		
		B.3.3.	Tipos de oracións		
		B.3.4.	Oración composta: oracións de relativo		
		B.4. Literatura			
		B.4.1.	Xéneros literarios: épica, lírica, historiografía, drama (traxedia e comedia), lírica, oratoria e fábula		
		B.5. Textos			
		B.5.1.	Tradución e interpretación de textos gregos		
		B.5.2.	Uso do dicionario		
		B.5.3.	Comentario e análise morfolóxica de textos gregos		
		B.6. Léxico			
		B.6.1.	Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común		
		B.6.3.	Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua		
		U.D. 2	B.2. Morfoloxía		outubro novembro
			B.2.1.	Revisión da flexión nominal e pronominal: 1ª, 2ª e 3ª declinacións	
			B.2.1.	Revisión da flexión nominal e pronominal: pronomes indefinidos e interrogativos	
			B.2.2.	revisión da flexión verbal: modos verbais: subxuntivo, optativo e imperativo.	
			B.2.2.	revisión da flexión verbal: Verbos contractos en -aw, -ew, -ow	
			B.2.3.	Análise morfolóxica	
			B.3. Sintaxe		
			B.3.1.	Sintaxe nominal e	

		<p>pronominal: Nominativo e vocativo</p> <p>B.3.2. usos modais: subxuntivo.</p> <p>B.3.4. Oración composta: oracións de infinitivo</p> <p>B.4. Literatura</p> <p>B.4.1. Xéneros literarios: a épica: Homero. <i>A Illada</i>.</p> <p>B.5. Textos</p> <p>B.5.1. Tradución e interpretación de textos gregos</p> <p>B.5.2. Uso do dicionario</p> <p>B.5.3. Comentario e análise morfolóxica de textos gregos</p> <p>B.6. Léxico</p> <p>B.6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común</p> <p>B.6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua</p>	
	U.D. 3	<p>B.2. Morfoloxía</p> <p>B.2.1. Revisión da flexión nominal e pronominal: 1ª, 2ª e 3ª declinacións</p> <p>B.2.2. revisión da flexión verbal: Verbos contractos en -aw, -ew, -ow</p> <p>B.2.3. Análise morfolóxica</p> <p>B.3. Sintaxe</p> <p>B.3.1. Sintaxe nominal e pronominal: Acusativo. Acusativo de relación</p> <p>B.3.2. usos modais: optativo</p> <p>B.3.4. Oración composta: oracións de relativo</p> <p>B.4. Literatura</p> <p>B.4.1. Xéneros literarios: a lírica: Safo, Alceo, Arquiloco e Píndaro</p> <p>B.5. Textos</p> <p>B.5.1. Tradución e interpretación de textos gregos</p> <p>B.5.2. Uso do dicionario</p> <p>B.5.3. Comentario e análise morfolóxica de textos gregos</p> <p>B.6. Léxico</p> <p>B.6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común</p> <p>B.6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua</p>	novembro decembro
2ª avaliación	U.D. 4	<p>B.3. Morfoloxía</p> <p>B.3.2. Flexión verbal: aoristo radical</p> <p>B.2.3. Análise morfolóxica</p> <p>B.3. Sintaxe</p> <p>B.3.1. Sintaxe nominal e pronominal: Xenitivo. Suplemento en xenitivo.</p> <p>B.3.2. usos modais: imperativo</p> <p>B.3.4. Oración composta: oracións de participio</p> <p>B.4. Literatura</p> <p>B.4.1. Xéneros literarios: a traxedia: Sófocles. <i>Edipo Rei</i></p> <p>B.5. Textos</p>	Xaneiro/ febreiro

		B.5.1. Tradución e interpretación de textos de Xenofonte B.5.2. Uso do dicionario B.5.3. Comentario e análise morfolóxica de textos gregos B.6. Léxico B.6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común B.6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria B.6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua		
	U.D. 5	B.3. Morfoloxía B.3.2. Flexión verbal: verbos en oclusiva e líquida B.2.3. Análise morfolóxica B.3. Sintaxe B.3.1. Sintaxe nominal e pronominal: Dativo. Suplemento en xenitivo.	febreiro / marzo	
		B.3.4. Oración composta: oracións substantivas introducidas por o/(ti, w(j), o/(pwj, mh/ B.4. Literatura B.4.1. Xéneros literarios: a comedia: Aristófanes. <i>Asembleístas</i> B.5. Textos B.5.1. Tradución e interpretación de textos de Xenofonte B.5.2. Uso do dicionario B.5.3. Comentario e análise morfolóxica de textos gregos B.6. Léxico B.6.1. Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común B.6.2. Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria B.6.3. Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua		
3ª avaliación		U.D. 6	B.3. Morfoloxía B.3.2. Flexión verbal: verbos atemáticos ou en -mi B.2.3. Análise morfolóxica B.3. Sintaxe B.3.1. Sintaxe nominal e pronominal: usos do artigo B.3.4. Oración composta: oracións subordinadas adverbais: causais, temporais, finais, consecutivas, comparativas, condicionais, concesivas B.4. Literatura B.4.1. Xéneros literarios: a historiografía: Xenofonte. B.5. Textos B.5.1. Tradución e interpretación de textos de Xenofonte	abril / maio

		B.5.2.	Uso do dicionario
		B.5.3.	Comentario e análise morfolóxica de textos gregos
		B.6. Léxico	
		B.6.1.	Helenismos máis frecuentes do léxico especializado e común
		B.6.2.	Ampliación de vocabulario básico grego: linguaxe literaria
		B.6.3.	Etimoloxía e orixe das palabras da propia lingua

Unidade 1	Unidade 2	Unidade 3	Unidade 4	Unidade 5
3ª declinación	O adxectivo:	O participio	Tradución de selecta textos de Xenofonte	Tradución de selecta de textos Apolodoro
Os pronomes posesivos	As conxuncións coordinadas	O aoristo radical	Helenismos e raíces gregas	Lectura textos propostos CIUGA
O relativo	Os verbos contractos	O aumento nos verbos compostos		Helenismos e raíces gregas
Voz media e voz pasiva	A reduplicación. Verbos cun réxime especial	Tradución de selecta textos ABAU (Xenofonte)		
O deporte Hermes Olimpia	As festas. Dioniso Atenas.	Lectura textos ABAU		

Resumo:

PRIMEIRO TRIMESTRE:

UNIDADES 1 – 2- (3) Repaso gramatical

Lectura obrigatoria: Homero, *Ilíada*, cantos 1, 6, 16 e 22

Elaboración dunha ficha sobre a lectura obrigatoria cos apartados seguintes: época e autor, tema (5-10 liñas), resumo, sinopse sobre os personaxes principais, opinión persoal. Extensión máxima 3 follas.

*A entrega do traballo sobre o libro de lectura obrigatoria será *conditio sine qua non* para aprobar a materia.

SEGUNDO TRIMESTRE:

UNIDADES (3) -4-5

Iniciación a tradución textos Xenofonte.

Lectura obrigatoria: Lírica arcaica: Arquíloco, Safo e Anacreonte
Sófocles, Edipo Rei

Elaboración dunha ficha sobre a lectura obrigatoria cos apartados seguintes: época e autor, tema (5-10 liñas), resumo, sinopse sobre os personaxes principais, opinión persoal. Extensión máxima 3 follas.

*A entrega do traballo sobre o libro de lectura obrigatorio será *conditio sine qua non* para aprobar a materia.

TERCEIRO TRIMESTRE

UNIDADE 5- 6

Tradución textos de **Xenofonte e /ou Apolodoro** e práctica de exames da ABAU

Lectura obrigatoria: Aristófanes, Asamblea de mulleres

*A entrega do traballo sobre o libro de lectura obrigatorio será *conditio sine qua non* para aprobar a materia.

Elaboración dunha ficha sobre a lectura obrigatoria cos apartados seguintes: época e autor, tema (5-10 liñas), resumo, sinopse sobre os personaxes principais, opinión persoal. Extensión máxima 3 follas.

IV.3. CONTIDOS MÍNIMOS

- Flexión nominal: recoñecemento, análise e tradución das formas nominais e pronominais regulares e irregulares estudadas durante o curso.
- Flexión verbal: recoñecemento, análise e tradución de formas verbais de aparición frecuente nos textos gregos traballados.
- Análise morfosintáctica e tradución de textos gregos en versión orixinal, escritos en prosa ática dos séculos V-IV, especialmente textos de Xenofonte.
- Recoñecemento e significado dos helenismos de maior uso nos distintos campos semánticos das materias estudadas no Bacharelato.

- Coñecemento das características básicas dos xéneros literarios estudados durante o curso e dos autores e obras máis salientables de cada un deles.

- Comprensión e comentario das lecturas obrigatorias

- Homero, *Ilíada*, cantos 1, 6, 16 e 22
- Lírica arcaica: Arquíloco, Safo e Anacreonte
- Sófocles, *Edipo Rei*
- Aristófanes, *Asamblea de mulleres*

IV.4. METODOLOXÍA

O estudo da gramática realizarase mediante exposicións teóricas moi sinxelas, nas que se procurará omitir excepcións e irregularidades; estas indicaranse segundo vaian aparecendo nos textos. As explicacións apoiaranse en exercicios prácticos que conteñan exemplos do tema desenvolvido e recapitulen o anterior. Estes exercicios serán de dous tipos:

Tradución directa grego-galego, que constituirá o traballo básico do curso. Preténdese que o alumnado, aínda no caso de non dominaren os paradigmas, sexan capaces de recoñecer formas e construcións, de entender o texto.

Tradución inversa galego-grego: de maior dificultade, é, porén, moi útil para asimilar o funcionamento interno da lingua e para a adquisición de vocabulario. Doutra banda, reflicte perfectamente o grao de coñecemento gramatical do alumnado.

Os textos deben seleccionarse en función do seu interese cultural e lingüístico, xa sexan adaptacións, xa orixinais de autores gregos. Como xa se indicou anteriormente, os autores que se van traducir en segundo de bacharelato son Xenofonte e Apolodoro. A CIUG propón unha selecta de textos susceptibles de traducir nas probas da ABAU.

Para realizar os exercicios de tradución, **iniciarase ao manexo do dicionario** e á técnicas de tradución.

En canto á **Lingua grega**, identificaranse os principais fonemas e signos ortográficos en comparación coas linguas que empregan ou coñecen os alumnos/as.

Realizaranse **exercicios de transcripción** de palabras gregas ás linguas empregadas normalmente polos alumnos/as, exercicios de declinación de substantivos, adxectivos e

pronomes gregos. Flexión completa de verbos gregos nos tempos e modos mais habituais, análise e tradución de formas nominais, pronominais e verbais illadas que aparezan nos textos obxecto de tradución.

Estudo do léxico:

Fomentárase a aprendizaxe dun léxico mínimo, de alto índice de frecuencia, a partir dos textos adaptados e orixinais de autores gregos traducidos (sobre todo, prosistas, dramaturgos e algún poeta, pertencentes ao período clásico e helenístico). Tamén se poderán utilizardos textos gregos, traducidos ou non, como fonte de información para coñecer o contexto histórico, social e cultural no que xurdiron.

O estudo dos helenismos (selecta propostos pola CIUG) está intimamente ligado á aprendizaxe do vocabulario e, malia que nos contidos non apareza unha sección especificamente dedicada a eles, ao longo do curso faranse exercicios variados de etimoloxía, derivación, composición..., que proben a presenza do grego no galego e no castelán cultos e, asemade, contribúan a enriquecer o vocabulario dos alumnos/-as.

Para o estudo dos **temas de civilización e cultura**, en cada unha das unidades didácticas ofrecerase información sobre o mundo cotián e mitoloxía, acompañada de textos clásicos e contemporáneos que documentan a pervivenza dos mitos; e trátanse os aspectos históricos e culturais, presentados coma unha viaxe diacrónica e diatópica polos centros neuráxicos da civilización helénica: Creta, Micenas, Troia, Olimpia, Lesbos, Esparta, Atenas, Macedonia...

As explicacións poderanse reforzar coa utilización de apuntes proporcionados polo profesor, mapas do Mundo Antigo, proxección de vídeos e, se a marcha do curso o permite, películas de vídeo e enderezos de Internet.

A lectura de textos de autores clásicos traducidos será punto de referencia constante no estudo dos temas históricos e culturais e serán fragmentos tamén escollidos pola CIUG.

Dada a importancia instrumental das **novas tecnoloxías da información** no mundo actual, empregárase o uso do ordenador para buscar información pertinente referida aos temas culturais en diferentes enderezos de internet, co obxectivo de que os alumnos/as aprendan a empregar de xeito responsable e construtivo as novas tecnoloxías da información.

Para o **léxico grego**: Identificaranse prefixos e sufixos de orixe grega nas linguas modernas, con especial atención ás coñecidas polos alumnos/as. Recoñecerase a procedencia grega de termos das linguas propias dos alumnos a partir da identificación dos seus formantes, tomando como base o léxico mínimo aprendido a partir do traballo de tradución dos textos. Elaboraranse listas de palabras nas linguas propias dos alumnos/as a partir dos formantes gregos estudados na unidade. Estudarase a formación de familias de palabras, tanto en grego como nas linguas propias dos alumnos/as, a partires dos termos estudados e dos principais campos semánticos gregos, relacionados cos temas de civilización mais significativos e dos termos derivados destes e presentes nas linguas propias dos alumnos/as e a comprensión de conceptos procedentes do vocabulario científico e valoración da súa orixe.

IV.5. MATERIAIS E RECURSOS

Recoméndase o libro de texto elaborado por Juan Manuel BÉRTOLO BALLESTEROS e Matilde DE CAL CORTINA para 1º e 2º de bacharelato, publicado por Baía Edicións. O libro, ademais de estar editado en galego, incorpora unha ampla selección de textos de autores galegos (e españois) que tratan de asuntos relacionados co tema central de cada unidade, dando constancia da enorme influencia que a lingua e a civilización gregas deixaron na nosa cultura. Presenta tamén un vocabulario de máxima frecuencia, feito a partir dos autores gregos máis representativos, con diversos exercicios de léxico: antónimos, derivación, familias léxicas, helenismos.

Vídeos sobre mitoloxía.

Selección de películas: As troianas, Odisea e Troia.

Vídeos didácticos sobre Cultura Clásica da UNED, e outros sobre a orixe dos deuses e o Panteón Olímpico.

Recursos que se atopan na internet: páxinas sobre cultura clásica, o castro de Vilalonga, as Médulas, etc.

Para a tradución poderemos seguir, ademais do manual indicado, as seleccións propostas nos seguintes libros de texto:

APARICIO, José A. et alii: Griego: Introducción al griego clásico. Oxford University Press, Madrid, 1998.

ESTÉBANEZ, Fernando et alii: Pragma. Cuaderno de trabajo. Griego. 3º BUP. NAU Llibres, Valencia, 1993.

ALMODÓVAR, Javier e GÓMEZ TIRADO, Juan M.: Griego I. Editex, Madrid, 1999.

BERENGUER AMENÓS, Jaime: Hélade. Ejercicios de griego. Vol. 1: morfología; Vol. 2: sintaxis – antología. Bosch, Barcelona, 1970.

WILLIAMS WHITE, John: First Greek Book. Ginn & Co., Boston, 1896.

En canto aos **temas culturais**, utilizaranse dous pequenos manuais, La civilización griega, de Arturo PÉREZ, e Así vivían en la Antigua Grecia, de Raquel LÓPEZ MELERO, ambos os dous editados por Anaya na colección Biblioteca Básica de Historia. Tamén é de obrigada consulta dalgún atlas histórico.

Para o estudo da **mitoloxía**, ademais do Diccionario de Mitología griega y romana, de Pierre GRIMAL, editado por Paidós, manexarase a tetraloxía Cuentos de la mitología griega, de Alicia ESTEBAN e Mercedes AGUIRRE, publicado por Ediciones de la Torre.

Para a aprendizaxe dos helenismos recurríremos ao Diccionario de helenismos españoles, de Crisóstomo ESEVERRI HUALDE, publicado por Ediciones Aldecoa.

Propónse ademais o emprego da seguinte dactilografía:

-Proyecto Palladium. <http://recursos.cnice.mec.es/latingriego>. Proxecto elaborado baixo a dirección do Ministerio de Educación. Inclúe materiais para todo o currículo de latín, grego e Cultura Clásica. Moi completo en actividades e exercicios. Aínda que deben depurarse algunhas deficiencias de funcionamento resulta de gran utilidade.

-Scripta. Conocer la literatura latina.

http://www.cnice.mec.es/pamc/pamc_2001/2001_scripta_conocer_literatur_a/ Esta aplicación, concebida como un libro electrónico, é un instrumento didáctico que pretende dinamizar o traballo convencional na aula de Latín, aproveitando as posibilidades que brindan os medios electrónicos para potenciar o protagonismo do alumno. Autor: Francisco Manzanero Can.

-Kairos. <http://recursostic.educacion.es/kairos/web/metodologia/metodologia.html> Trátase dun programa de apoio ao profesorado de Historia de Secundaria e Bacharelato. Kairos contén interesantísimas propostas metodolóxicas para a didáctica da historia, que utilizan dende a mitoloxía ata o cine e a fotografía.

-Historia del Teatro. http://www.cnice.mec.es/pamc/pamc_2000/2000_historia_teatro/

Esta aplicación, creada por Miguel Ángel Gómez Ferro y César Vallejo de Castro, ofrece unha visión do teatro a través de distintas épocas, dende Grecia ata o s. XVIII.

-Biblioteca Augustana. <http://www.fh-augsburg.de/~harsch/saeca01.html> Ampla biblioteca de textos latinos desmenuzados e analizados de moi doada utilización.

-Cultura Clásica. <http://www.culturaclasica.com/enlaces/latin.htm> Páxina da Asociación Cultural Culturaclasica.com que ten coma principal misión informar y manter de xeito virtual ao día a todos aqueles interesados no mundo grecorromano. Nestas páxinas pódese atopar todo tipo de información actualizada cada día sobre todo o que atinxe á cultura, literatura, historia, arqueoloxía, cine, mitoloxía, educación, sociedade, noticias, etc., relacionadas coa civilizacións grega e romana.

-Aula de Latín <http://antalya.uab.es/pcano/aulatin/> Portal da área de Filoloxía Latina da Universidad Autónoma de Barcelona dedicado á didáctica do latín dnde diferentes puntos de vista: gramática, sintaxe, xogos ou cine. Moi boa selección de enlaces comentados.

-Proy ecto Gra mmati cvs

<http://www.santiagoapostol.net/grammaticus/> É un sitio dedicado ao latín e á cultura clásica no Ensino Secundario, onde se poden encontrar materiais sobre lingua e cultura latinas, nomeadamente o seu programa de inicio á tradución.

-Departamento de clásicas del IES Universidad Laboral de Cáceres. <http://www.unilaboralcaceres.net/departamentos/latinygriego/recursos.html> #LENGUA Páxina interesante polo que aporta de recursos de latín e cultura clásica en forma de resumes,

IV.6. PROCEDEMENTOS, CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1ª Aval				Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación					
Identif. contidos	Identif. criterios	Identif. Estándar	CC		Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec	Peso Cualific.	Instrumentos		
										Prob .esc.
Bloque 1. Lingua grega										
B1.1	B1.1	GR2B1.1.1.	CCL CD CCEC	Delimita ámbitos de influencia dos distintos dialectos, situando con precisión puntos xeográficos, cidades ou restos arqueolóxicos coñecidos pola súa relevancia histórica.	80%	80%	X			
B1.2	B1.2	GR2B1.2.1.	CCL CAA	Compara termos do grego clásico e os seus equivalentes en grego moderno, constatando as semellanzas e as diferenzas que existen entre uns e outros e analizando a través destas as características xerais que definen o proceso de evolución.	50%	10%		X		X
B1.3	B1.3	GR2B1.3.1.	CCL	Coñece a pronuncia da lingua grega moderna e utiliza algunhas palabras e expresións básicas.	50%	10%		X		X
Bloque 2. Morfoloxía										
B2.1.	B2.1.	GR1B2.1.1.	CCL	Recoñece con seguridade e axudándose co dicionario calquera tipo de formas nominais e pronominais, declínaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	100%	20%	x	x	x	
B2.2.	B2.2.	GR1B2.2.1.	CCL	Recoñece con seguridade e axudándose do dicionario calquera tipo de formas verbais, conxúgaas e sinala o seu equivalente en galego e/ou en castelán.	100%	20%	x	x	x	
B2.3	B2.3,	GR1B2.3.1.	CCL	Nomea e describe as categorías gramaticais, sinalando as características que as distinguen.	100%	20%	x	x	x	
B2.3.	B2.4.	GR2B2.4.1	CCL	Identifica e distingue en palabras propostas os seus formantes, sinalando e diferenciando lexemas e afixos, e procura exemplos doutros termos nos que estean presentes.	80%	15%	x	x	x	
B2.3.	B2.5	GR2B2.5.1.	CCL	Sabe determinar a forma, a clase e a categoría gramatical das	100%	25%	x	x	x	

					palabras dun texto, detectando correctamente coa axuda do dicionario os morfemas que conteñen información gramatical.						
Bloque 3. Sintaxe											
B3.1.	B3.1.	GR2B3.1.1.	CCL		Recoñece os valores dos casos gregos e os usos dos pronomes en frases e textos propostos.	100%	30%	x	X	x	
B3.1.	B3.2.	GR2B3.2.1	CCL		Recoñece os valores das preposicións e identifica os complementos circunstanciais.	100%	30%	x	X	X	
B3.2.	B3.3.	GR2B3.3.1	CCL		Coñece, identifica e traduce correctamente os usos modais propios da lingua grega.	80%	10%	x	X	X	
B3.3.	B3.4.	GR4B3.4.1.	CCL		Recoñece e clasifica oracións e construcións sintácticas.	100%	30"	x	X	X	
B3.4.	B3.5	GR2B3.5.1.	CCL		Recoñece, clasifica, analiza e traduce correctamente os nexos subordinantes	80%	20%	x	X	X	
B3.4.	B3.6.	GR2B3.6.1	CCL		Coñece, analiza e traduce correctamente as construcións de participio, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	100%	40%	x	X	X	
B3.5.	B3.7.	GR1B3.7.1.	CCL		Recoñece, distingue e clasifica os tipos de oracións e as construcións sintácticas gregas, relacionándoas con construcións análogas noutras linguas que coñeza.	80%	20%	x	x	X	
B3.5.	B3.7	GR2B3.7.2.	CCL		Identifica na análise de frases e textos de dificultade graduada elementos sintácticos propios da lingua grega, relacionándoos para traducilos cos seus equivalentes en galego e castelán.	80%	20%	x	x	x	

2ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliáveis /Indicadores de logro				Grao mínimo consec	Peso Cualific	Prob. escrit	Prob. oral	Trab. indiv.	Trab. grupal
Identif. contido	Identif. criterio	Identific Estándar	CC	Estándares de aprendizaxe							
BLOQUE 5: Tradución de textos											
B5.1.	B5.1.	GR2B5.1.1.	CCL	Utiliza adecuadamente a análise morfolóxica e sintáctica de textos gregos para efectuar correctamente a súa tradución.	100%	60%	x	x	X		
B5.2.	B5.2.	GR2B5.2.1.	CCL CD	Utiliza con seguridade e autonomía o dicionario para a tradución de textos, e identifica en cada caso o termo máis apropiado na lingua propia en función do contexto e do estilo empregado polo/a autor/a.	80%	10%	X	x	x		
B5.3.	B5.3.	GR2B5.3.1.	CCL CCEC	Aplica os coñecementos adquiridos para realizar comentario lingüístico, literario e histórico de textos.	80%	10%	X	X	x		
B5.4	B5.4.	GR2B5.4.1.	CSC CCEC	Identifica o contexto social, cultural e histórico dos textos propostos, partindo de referencias tomadas dos propios textos e asociándoas con coñecementos adquiridos previamente.	80%	10%	X	X	X		
B5.5	B5.5	GR2B5.5.1	CCL	Recoñece e explica a partir de elementos formais o xénero e o propósito do texto.	80%	10%	X	x	X		
BLOQUE 6: Léxico											
B6.1	B6.1	GR2 B6.1.1.	CCL CD CCEC	Identifica os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e explica o seu significado a partir dos étimos gregos orixinais.	80%	20%	x	x	x		
B6.1	B6.2	GR2 B6.2.1.	CCL CAA	Deduce e explica o significado de palabras da propia lingua ou de outras, obxecto de estudo, a partir dos étimos gregos dos que proceden.	80%	20%	x	x	x		
B6.2	B6.3	GR2B6.3.1.	CCL	Explica o significado de termos gregos mediante	50%	8%	x	x	x		

				termos equivalentes en galego e en castelán.						
B6.2	B6.3	GR2B6.3.2.	CCL	Deduce o significado de palabras gregas non estudadas a partir do contexto ou de palabras da súa lingua ou doutras que coñeza	50%	8%	x	x		x
B6.2	B6.4	GR2B6.4.1	CCL	Comprende e explica a relación entre termos pertencentes á mesma familia etimolóxica ou semántica.	50%	8%	x	x		x
B6.3	B6.5	GR2B6.5.1.	CCL	Recoñece e distingue cultismos, termos patrimoniais e neoloxismos a partir do étimo grego, e explica as evolucións que se producen nun caso e en outro.	50%	8%	x	x	x	x
B6.4	B6.6	GR2B6.6.1.	CCL	Descompón palabras tomadas tanto do grego antigo como da lingua propia nos seus formantes, e explica o seu significado	50%	8%	x	x	x	
B6.4	B6.6	GR2B6.6.2.	CCL	Sabe descompor unha palabra nos seus formantes e coñecer o seu significado en grego, para aumentar o caudal léxico e o coñecemento da lingua propia.	80%	20%	x	x	x	

3ª Aval		Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro			Grao mínimo consec	Peso Cualific	Prob. escrit	Prob. oral	Trab. indiv.	Trab. grupal
Identif. contido	Identif. criterio	Identific Estándar	CC	Estándares de aprendizaxe						
BLOQUE 4: Literatura										
B4.1	B4.1	GR2B4.1.1.	CCL CCCE	Describe as características esenciais dos xéneros literarios gregos, e identifica e sinala a súa presenza nos textos propostos.	100%	30%	80%			
B4.1	B4.2	GR2B4.2.1	CMCCT CCEC	Realiza eixes cronolóxicos e sitúa neles autores, obras e outros aspectos relacionados coa literatura grega.	80%	10%	80%			
B4.1	B4.2	GR2B4.2.2.	CCL	Distingue o xénero literario ao que pertence un texto, as súas características e a súa estrutura.	80%	20%	80%			
B4.1	B4.3	GR2B4.3.1.	CCL CCEC	Explora a conservación dos xéneros e os temas literarios da tradición grega mediante exemplos da literatura contemporánea, e analiza o uso que se fixo deles.	50%	5%				
B4.1	B4.4	GR2B4.4.1.	CCEC	Pode establecer relacións e paralelismos entre a literatura grega e a posterior.	50%	5%				
B4.1	B4.5	GR2B4.5.1.	CD CCEC	Nomea autores representativos da literatura grega, encádraos no seu contexto cultural e cita e explica as súas obras máis coñecidas.	100%	30%	80%			

IV.7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN

Avaliación inicial

As actividades de avaliación inicial ao comezo do proceso de aprendizaxe han de comezar descubriendo o nivel de competencia do alumnado en relación co tema que se quere tratar.

Ao comezo do curso, nas primeiras semanas, os alumnos/as realizarán unha proba de avaliación inicial que non terá repercusión nas súas cualificacións e que consistirá en un cuestionario sobre gramática grega e cultura xeral sobre Grecia. Esta actividade pódese facer por escrito, oralmente ou combinando ambas.

En virtude dos resultados desta avaliación inicial, tomaranse as medidas de carácter individual e/ou grupal que sexan necesarias para que o alumnado acade os obxectivos previstos (actividades de reforzo, adaptación dos contidos, modificación da temporalización, ou calquera outra medida que se considere precisa).

Criterios de cualificación

A avaliación do alumnado será **continua**, baseada fundamentalmente na observación das actividades do alumno. Avaliaranse os coñecementos adquiridos por medio de probas escritas obxectivas que se adaptarán ó ritmo natural de aprendizaxe da clase. A cualificación de cada avaliación obterase facendo a **media das puntuacións obtidas nas probas escritas**. Sen embargo, esta media pode variar segundo o criterio da profesora, quen terá en conta, ademais, para cualificar:

- a observación diaria na aula, caderno de aula, traballo e valorando o esforzo e o interese do alumno e a súa actitude ante a materia;
- a asistencia a clase.

Os exames serán eminentemente prácticos e poderán constar, *a modo de exemplo*, dos seguintes apartados (indícase entre parénteses a puntuación que sobre 10 se lle podería adxudicar a cada parte).

Os exames comprenderán contidos de morfoloxía nominal e verbal que será necesario

superar, requisito *sine qua non* para aprobar. Por suposto, o eixo sobre o que se articula a avaliación da materia son os **exames de tradución con dicionario**. Polo demais, procurárase **axustar o modelo de exame ás probas da ABAU**, como se detalla a continuación:

- Tradución de frases ou dun fragmento Xenofonte/ Apolodoro (5 pts)
- Análise morfo-sintáctica sobre cuestións de gramática que poderán ser sacadas do mesmo texto ou das frases (1 punto)
- Pregunta(s) sobre as lecturas propostas (2 puntos)
- Pregunta(s) sobre literatura (1 punto)
- Pregunta (s) sobre léxico/ etimoloxía: helenismos, derivación, composición, etc. (1 punto)

Do mesmo xeito que no exame da ABAU, nos textos, consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) como na léxica (erro na consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica na lingua de destino. **Poderase utilizar un dicionario de grego.**

Para obter unha avaliación positiva nesta materia será *conditio sine qua non* acadar unha nota media mínima igual o superior a 5 puntos e o/a alumno/a deberá **non deixar ningunha pregunta en branco**.

A non asistencia a un exame, caso de non ser xustificada documentalmente, suporá a cualificación de 0 puntos no mesmo.

Criterios de avaliación:

En cada avaliación haberá, de ser posible, 2 exames, valendo o primeiro un 40% da nota, o segundo un 60%. Así mesmo, e para garantir un esforzo continuado do alumnado ao longo do curso. Estas probas escritas contarán o **80%** da nota da avaliación.

- O traballo diario do alumno/a na aula e a participación activa valorarase nun **10%**
- O traballo realizado na casa como os deberes valorarase outro **10%**

Resumo:

Realizaranse dous exames ao longo do trimestre valorados sobre 10ptos.

A ter en conta: A entrega do traballo sobre o libro(s) de lectura(s) será *conditio sine qua non* para aprobar a materia.

A nota da avaliación será a media das notas destas probas 80% matizada coas observacións sobre o traballo e actitude activa na clase (10%) e a realización das tarefas que se encargan para facer na casa (10%)

PROBAS ESCRITAS	1º exame (40%) + 2º exame (60%)	80%
TRABALLO NA AULA E PARTICIPACIÓN ACTIVA	10%	
DEBERES	10%	

Ao ter carácter continuo, a avaliación é un proceso continuado ao longo de todo o curso, motivo polo cal a materia examinada non será liberatoria, podéndose preguntar en cada exame toda a materia explicada ata ese momento.

A nota final de curso resultará da suma do valor das tres avaliacións: primeira un 20%, segunda un 30% e terceira un 50%. Porén, en ningún caso haberá unha avaliación final positiva de ter a terceira avaliación suspensa.

Resumo:

A NOTA FINAL DE CURSO

1ª avaliación	20%
2ª avaliación	30%
3ª avaliación	50%

IV.8. AVALIACIÓN INICIAL

Cabe destacar que se dedicarán as primeiras semanas para facer un repaso exhaustivo daqueles contidos gramaticais que así o precisen. Así mesmo farase unha **avaliación inicial** (un pequeno cuestionario oral ou escrito) para ver que medidas se deben adoptar.

En virtude dos resultados desta avaliación inicial, tomaranse as medidas de carácter individual e/ou grupal que sexan necesarias para que o alumnado acade os obxectivos previstos (actividades de reforzo, adaptación dos contidos, modificación da temporalización, ou calquera outra medida que se considere precisa).

IV.9. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN, AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES E AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA

Non haberá recuperación, porque na avaliación continua, unha avaliación negativa dáse por recuperada ó superar outra posterior. Do mesmo modo, suspender unha avaliación supón automaticamente a avaliación negativa da anterior, aínda que fora superada.

Polo tanto non haberá probas de recuperación *stricto sensu*, porque o estudo dunha lingua non admite compartimentos estanco e cada paso adiante esixe o dominio do estudado previamente. Enténdese, xa que logo, que cada exame é, á vez, recuperación dun posible suspenso anterior.

Ademais, dado que o número de alumnos é moi pequeno, o seguimento será diario e ademais personalizado e no caso de que un alumno/a precise reforzo, proporcionaráselle unha explicación máis detallada ou algúns exercicios de reforzo.

Avaliación extraordinaria

As probas de recuperación extraordinarias (**xuño**) terán como contidos mínimos os incluídos na presente programación. Os criterios de avaliación serán os mesmos que nos demais casos.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

- **Actividades de seguimento da materia pendente:**

De haber alumnado coa materia de Grego I ou Grego II pendente, este recibirá mensualmente unha folla con exercicios que deberá entregar, realizados no prazo que se estableza, ao profesor para a súa corrección. Os criterios de avaliación basearanse en acadar os contidos mínimos.

No caso de non superalos poderá presentarse a unha proba de recuperación final. As probas realizaranse nos meses de Xaneiro (1º parcial), Abril (2º Parcial) e Maio (Proba Final).

Procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios de Grego I para cursar Grego II

Dado que a materia de Grego no bacharelato está estruturada con contidos progresivos que se inician no primeiro curso e aumentan a súa complexidade no segundo, e tendo en conta que o primeiro trimestre de Grego II se centra na revisión de gran parte dos contidos vistos en Grego I, o alumnado que, sen ter cursado Grego I, sexa autorizado a matricularse en Grego II poderá acreditar os coñecementos previos por dous procedementos:

- 3) Avaliación positiva no primeiro trimestre do segundo curso de Grego II.
- 4) Avaliación positiva no programa de recuperación de pendentes que se detalla no apartado anterior.

V.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDE

Coma profesor, e en colaboración co Departamento de Orientación, atenderase á diversidade:

- Establecendo secuencias de contidos que aseguren as aprendizaxes básicas para todos/as os alumnos/as e coñecementos de maior complexidade para algúns/as
- Propoñendo actividades de ensino-aprendizaxe diversificadas e con diferentes niveis de dificultade.
- Establecendo agrupamentos que posibiliten aprendizaxes cooperativas e

- facilitando traballos en parellas.
- Ofertando diferentes tempos na realización das actividades e tarefas en función dos ritmos de aprendizaxe dos distintos alumnos/as cando sexan actividades individuais.
 - Propoñendo actividades abertas onde todos os alumnos/as poidan acadar algunha meta máis ou menos complexa dependendo da súa capacidade.
 - Incluindo actividades de reforzo para aqueles alumnos/as que non seguen o ritmo dos compañeiros.
 - Preparando actividades de recuperación para aqueles alumnos/as que non teñan acadado os obxectivos ao finalizar a secuencia (vid. Actividades de recuperación).
 - Propoñendo actividades de ampliación e/ou profundización para aqueles alumnos/as cun ritmo de aprendizaxe maior ou con maior capacidade de aprendizaxe.
 - Aplicando os criterios de avaliación con diferentes esixencias de logro.
 - O reforzo educativo ou adaptación do currículo prescrito, que non afecte a aspectos substantivos do mesmo, senón a aspectos que son competencia do profesorado tales como a organización de contidos, a secuencia dos mesmos, a diversidade metodolóxica en canto a tipos e organización, as formas de agrupamento na aula e as relacións de interacción entre uns alumnos/as e outros/as, a diversificación de recursos didácticos, as formas concretas de avaliación, así coma os instrumentos ou técnicas da mesma avaliación

VI. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación serán traballadas de xeito continuo na materia ao longo de todo o curso.

- O emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse de forma comparativa os elementos que caracterizan as sucesivas formas de organización do sistema político romano, a organización e a evolución da sociedade romana, explicando as características das clases sociais e os papeis asignados a cada unha, relacionando estes aspectos cos valores cívicos existentes na época e comparándoos cos actuais.

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social abordarase nos contidos desta programación referidos á vida cotiá en Roma, sempre desde a comparación co mundo actual. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

VII. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS OU EXTRAESCOLARES

Actividades complementarias

Como actividade complementaria poderase propor, en colaboración co Departamento de Lingua Galega ou de Lingua Castelá, aproveitar a invitación á aula dalgún escritor contemporáneo para que comente un texto clásico achegándoo á actualidade e mostrando así a súa vixencia.

Odisea: Concurso de Cultura Clásica en liña, actividade anual promovida pola **SEEC Galicia** (Sociedade Española de Estudios Clásicos, delegación galega). Os obxectivos deste concurso son: navegar pola rede coma antigos heroes, buscado as respostas axeitadas para chegaren sans e salvos e tamén máis sabios; gozar da satisfacción das respostas atopadas co seu esforzo; chegar sos a Ítaca e culminar a súa viaxe sen consultar o oráculo máis que o estritamente necesario. Esta actividade enténdese como voluntaria, e ofertarase ao alumnado matriculado nas materias que imparte este departamento, pero eles teñen a última palabra sobre a súa participación.

Actividades extraescolares

Para este curso está previsto organizar algunha viaxe de interese cultural ou actividades con outros departamentos didácticos (na medida que sexa posible) como por exemplo a Bracara Augusta.

Tamén se prevén facer unha visita a Tui para ver o Arquivo da Catedral e os diversos

códices medievais alí gardados.

Asistencia ó Festival de teatro grecolatino da SEEC en Tui

Asistencia a algún acto cultural relacionado co mundo clásico: teatro, exposicións, etc.

VIII. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA E DA PRÁCTICA DOCENTE

Os criterios utilizados para avaliar a programación son os seguintes:

1.- A adecuación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

2.- A adecuación de procedementos e instrumentos de avaliación ás características e necesidades do alumnado.

Cando se considere que a programación é mellorable nestes aspectos, será necesaria unha reflexión por parte do Departamento que leve a atopar as causas do problema e a buscar solucións. Ditas accións de mellora recolleranse na memoria final de curso para ter en conta na elaboración da programación do curso seguinte.

3.- O grao de desenvolvemento da programación didáctica. Se o grao de desenvolvemento da programación é inferior a un 75% procederase do mesmo xeito que no apartado anterior.

O desenvolvemento da programación didáctica analízase tamén nas sesións de avaliación, nas que se da conta da conformidade ou non neste aspecto nos distintos cursos para unha posterior avaliación no departamento en caso de que se detecte unha non conformidade.

IX. PLAN LECTOR

Como contribución ao Plan Lector, o Departamento de latín prevé:

- Contribuír a unha mellor organización da aprendizaxe favorecendo, a través do estudio de dúas linguas flexivas as destrezas de reflexión lingüística e memoria.
- Contribuír a buscado rigor lóxico na comprensión e expresión do alumnado, sobre todo a través do estudio do latín polas especiais características desta lingua.
- Contribuír ao aumento da sensibilidade estética do alumnado a través da entrada en contacto coa civilización grega, buscando unha lectura máis competente.
- Concibir unha reflexión máis profunda sobre a creación literaria e as súas formas a través do estudio do nacemento dos xéneros literarios gregos e latinos.

- Mellorar o léxico propio do alumno/a a través do estudio da etimoloxía.
- Promover a busca de información en distintas fontes, a partir dunha bibliografía dada, para ampliación de coñecementos en temas de cultura grega e romana: mitoloxía, arte, etc.

Para acadar estes obxectivos, este Departamento propón:

A tradución entendida como a comprensión e análise dun texto en lingua grega ou latina e a súa versión literal e literaria ao galego e castelán, é o traballo diario destas materias en bacharelato. Polo tanto o traballo de lectura e comprensión de textos variados, maiormente en prosa, é constante, básico e primordial en todos os cursos.

Procurarase tamén que o alumnado teña ocasión de ler estes autores traducidos. Ademais, o grupo de traballo da CIUG marca en ámbalas dúas materias unhas lecturas obrigadas.

Este Departamento promove a lectura voluntaria e a elaboración de traballos de profundización nalgún tema concreto que sexa de interese para algún alumno/-a.

María del Pilar Pereira Ortega

Xefa do Departamento de Latín
O Porriño, Setembro de 2022